

## **Os socialistas vilalbeses sinalan que o Alcalde é o culpable de que o centro de día non funcione desde hai anos**

Elba Veleiro critica que “despois de anos de mala xestión da infraestrutura por parte do Concello, Francisco Criado se preocupa a destempo de que Vilalba poda contar con este servizo de carácter social tan só por estar en período electoral”

En varias sesións plenarias o equipo de goberno se desentendeu e rexeitou as propostas do grupo socialista para pór en marcha un centro de día público

**LUGO, 9 DE MARZO DE 2015.-** A candidata á Alcaldía do PSOE vilalbés, Elba Veleiro, denuncia que o culpable de que non funcione o centro de día dende fai anos non é outro que o Alcalde, Gerardo Criado. Despois de moito tempo de desidia no que concirne á súa xestión, define a visita o pasado venres da secretaria xeral de Política Social, Coro Piñeiro, como “unha auténtica burla á sociedade vilalbesa”.

“O alcalde non sabe que facer para xustificar a súa lamentable xestión, especialmente agora que se achegan as eleccións municipais”, afirma Veleiro. Os socialistas de Vilalba consideran que, como presidente do padroado da Fundación Asilo, Gerardo Criado tivo tempo dabondo para dispoñer as condicións propicias e para xestionar a posta en marcha deste centro e non o fixo. “Agora chega demasiado tarde. Os socialistas xa nos interesamos varias veces pola súa posta en funcionamento e so recibimos mentiras por resposta”. Refírense así ó feito de que en sucesivas sesións plenarias, o Primeiro Tenente de Alcalde, Julio Vázquez Otero, manifestou a instancias do partido socialista que dito centro estaría aberto o 1 de xaneiro de 2012. Pola súa banda, o Alcalde asegurou que o Concello nada tiña que ver co centro de día, xa que se trataba dunha infraestrutura de carácter privado e como tal non tiñan que interferir.

O PSOE vilalbés recorda que o centro de día foi cedido polo Concello á entidade privada Fundación Asilo a cambio dun solar, despois de que a súa construción fora financiada pola Xunta. Por tanto, a pesar que desde a oposición se ten reclamado en varias ocasións a súa posta en funcionamento, foi o propio Goberno Municipal o que unha e outra vez mirou cara outro lado.

Os socialistas acusan ao goberno municipal de preocuparse a destempo de que Vilalba poda contar con esta infraestrutura de carácter social “tan só por estar en período electoral”, e engaden que “xa temos reivindicado a construción dun novo centro de día, iso si, de carácter público. Hai que deixar de ver sempre o negocio nos servizos sociais. Nós defendemos o público”.